

## **NOTA INFORMATIVA**

### **AXENDA**

#### **Martes 23**

**10.00 h.**

**Programa Compostela: obradoiro do tempo.**

Percorrido arqueohistórico con saída desde a Praza do Obradoiro (diante do Pazo de Xelmirez).  
Participan escolares de 3º de primaria do Colexio Vilas Alborada.

**10.30 h.**

**Visita didáctica ás dependencias da Policía Local**

Participarán escolares de educación infantil do Colexio San Xosé de Cluny.

**11.00 h.**

Na Casa do Concello, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, recibe á duquesa Gaetani.

**12.00 h.**

No Museo do Pobo Galego, o alcalde compostelán e presidente do Eixo Atlántico, Xosé A. Sánchez Bugallo, participa na presentación do Programa Mobilitas, ao abeiro da Iniciativa comunitaria Interreg III A – Subprograma Galicia-Norte de Portugal.

**12.00 h.**

Nas oficinas do Servizo Municipal de Deportes, en San Lázaro, presentación do VII Trofeo de Ciclismo Festas da Ascensión/Skoda Brea Autocasión. Na **ROLDA DE PRENSA** estará o concelleiro de Deportes, Manuel Portas; o presidente do Clube Ciclista Compostelán, Nemesio López; e o xerente de Brea Motor, Pedro Hervés.

**12.30 h.**

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de Promoción Económica, Xosé Manuel Iglesias, para presentar o programa de fomento do espírito emprendedor Compostela Activa 2006.

**19.00 h.**

O alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, inaugura o novo parque infantil da Praza da Constitución.

**21.00 h.**

**Teatro e Coloquio**

No Teatro Principal, *Homenaxe aos que estiveron presos na illa de San Simón*. Proxectarase o documental "Aillados" de Antonio Caeiro, producido pola Consellería de Cultura dentro dos actos do Ano da Memoria, que chega a Compostela organizado pola Asociación Cultural O Galo coa colaboración da Concellaría de Cultura. Ao remate da proxección haberá un coloquio no que participarán Néstor Rego, concelleiro de cultura; Óscar F. Refoxo, presidente da A.C.O Galo; Uxío Diéguez, presidente da Asociación Galega de Historiadores; Avelino Pousa Antelo, presidente da Fundación Castelao; e Antonio Caeiro, director do documental.

**21.00 h.**

Na Sala Nasa, *Deconstrucción sonora* con Neno Escuro + Colajet.

**22.30 h.**

Na Casa das Crechas, concerto de Loretta Martin.

**Santiago de Compostela, 22 de maio de 2006**